

Venres, 10 de febreiro de 2023

Núm. 29

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

Subvencións e axudas

EXTRACTO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS DIRIXIDAS ÁS COOPERATIVAS AGROGANDEIRAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA INVESTIMENTOS DURANTE O EXERCICIO 2023.

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA DE 3 DE FEBREIRO DE 2023 POLO QUE SE CONVOCAN SUBVENCIÓNS DIRIXIDAS ÁS COOPERATIVAS AGROGANDEIRAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA INVESTIMENTOS DURANTE O EXERCICIO 2023.

BDNS(IDENTIF.):675127

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións:

(<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/675127>)

1. Beneficiarias/os

Poderá solicitar estas axudas calquera cooperativa agrogandeira legalmente constituída da provincia de Pontevedra.

2. Actuacións subvencionables

Subvencións para apoiar ás entidades agrogandeiras en proxectos destinados á recuperación e valoración dos recursos agrarios endóxeos de carácter agrícola e gandeiro que teñan como obxecto: a comercialización, transformación e valorización das producións, a formación técnica e innovación tecnolóxica, a posta en uso de enerxías renovables, actuacións para mellorar a calidade dos produtos, construcións, equipamentos, instalacións, melloras en edificios e accesos os mesmos, mobiliario, e outros investimentos que sirvan para mellorar os servizos prestados aos seus socios.

As axudas para maquinaria agrícola non serán compatibles con outras axudas para o mesmo fin.



Venres, 10 de febreiro de 2023

Núm. 29

3. Lexislación aplicable

Bases de subvencións aprobadas por acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra de 3 de febreiro de 2023, Bases de Execución do Orzamento Provincial do ano 2023, Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, R.D. 887/2006, que aproba o regulamento da Lei Xeral de Subvencións, Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, e demais lexislación de aplicación.

4. Contía

Subvenciones para investimentos 250.000,00 €

5. Prazo de presentación

O prazo para presentar as solicitudes será de vinte (20) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

6. Outros datos de interese

- Solicitudes e documentación: presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).
- Procedemento de concesión: concorrencia competitiva.
- Criterios de valoración: os establecidos na base décimo segunda da convocatoria.
- Gastos subvencionables: os necesarios para o desenvolvemento da actividade obxecto de subvención.
- Compatibilidade: compatibles con outras axudas recibidas doutros organismos (salvo nos casos de adquisición de maquinaria) sempre que non supere o custo do investimento.
- Forma de pago: transferencia.
- Forma de xustificación: a través dunha memoria explicativa, acreditación da difusión da subvención, xustificación dos gastos e presentación de facturas.
- Prazo máximo de xustificación: a actividade ou o investimento deberá estar rematada antes do 31 de decembro de 2023, e deberá xustificarse antes do 31 de marzo de 2024.

Pontevedra, 08/02/2023

A presidenta — M^a del Carmen Silva Rego